

Camiñando

Ollomao

ENDL IES Plurilingüe

San Rosendo

2016-2017

Iniciamos o curso
que agora acaba
con moitas cousas
na cabeza!

Ollomao é o equipo de normalización e dinamización lingüística do IES San Rosendo.


Queres formar parte del?

**VÉMONOS NA NOSA AULA
O XOVES 6 DE OUTUBRO NO
RECREO!**



Para comprender
as luces e as sombras da nosa identidade
debemos coñecer a historia
que nos foi traendo ata aquí...
Por iso decidimos facer de Mondoñedo
o punto de partida
das actividades deste ano.

mindDO



The image displays the word "mindDO" in a bold, black, rounded sans-serif font. The letter "i" is replaced by a blue infinity symbol (∞). A small, dark grey tag with the word "LSPINAR" in white, uppercase letters is attached to the bottom curve of the letter "n".

Quixemos que o Magosto recollese
o valor que lles damos
ás **nosas** parroquias
e o noso cariño por elas...



QUEREMOS COÑECER AS NOSAS PARROQUIAS

Axudádenos!

**QUEREMOS VELAS
NO MAGOSTO DESTE ANO
QUEREMOS SENTILAS**

*Xuntádevos e traédeas ao instituto en fotos,
obxectos, lendas, historias...
que vos axuden a describir o lugar no que nacestes
ou no que vivides.*

*Debuxade un mapa e localizade nel os
seus barrios e lugares, os montes, os ríos...
a xente...
o traballo da xente,
a súa alegría, o seu penar...*

**Como son as nosas parroquias?
Que teñen para que lles queiramos tanto?**

*Para darlle xeito a esta idea
acudide á reunión de Ollomao
o xoves 20 de outubro*

...mergulhándonos
na realidade histórica
que foi província
e que este ano
nos empuxou
a saber máis de nós.

Buscamos información
sobre os lugares onde vivimos,
sobre a nosa xente,
a nosa historia, os contos,
o xeito de falar o idioma...
Trouxemos a nosa vida
ao centro!



E papamos
unha merenda riquísima,
con sabor a castañas
e a outono...



Durante o *mes morto* buscamos documentación para organizar as primeiras rutas por Mondoñedo...

E, claro, preparamos a visita do Apalpador e da súa xente, que defenden con moita forza a nosa identidade e o noso patrimonio.


Importante reunión de
Ollomao

Venres 2 de decembro
Recreo

ASUNTOS:

- ★ Apalpador
- ★ Exposición *Parroquias*
- ★ Organización *O Son da Paula*
- ★ Outras campañas pendentes

**AXÚDALLE A ANDAR
AO ENDL!**



O Apalpador botou polas clases
o seu gran discurso
e a xente que o acompañaba
leu textos dos nosos poetas...
E cantamos letras populares,
e tamén outras orixinais
que nos trouxeron para a ocasión...



20/12/2016 15:17

20/12/2016 15:39

20/12/2016

20/12/2016 15:26

20/12/2016 14:09

Co novo ano
fixemos realidade as rutas
para saber máis
da cidade que nos acolle...
Este curso quixemos coñecer
o trazado da súa muralla medieval,
Alcántara,
a imprenta Suc. de Mancebo...



Quixemos poñer en contacto
o alumnado do centro
coa cidade,
vivila, sentila.










RELATOS DE P
NO CAMINO







Axudamos de paso
a preparar o Entroido...
Desta vez:
Olo coa publicidade!



E un ano máis
contribuímos a *rosalizar*
o instituto
e tamén a difundir a figura
de Álvaro Cunqueiro.



Iniciamos a *Operación Rescate*
de léxico e expresións
propias do galego que falamos
nesta parte da área mindoniense
para que non se perdan
e se manteña o seu uso.

OLLOMAO *inicia a* **“OPERACIÓN RESCATE”!**

*Hai xente que di do galego que fala
que “non é galego” ou que “non é galego puro”.*

E CLARO QUE O É!

*Queremos que se valore a lingua oral
que empregamos cada día.*

*Axúdanos a recuperar e a conservar
vocabulario e expresións
do galego que falamos aquí
para que se conserven sempre.*

COMO PODES COLABORAR NESTA ACTIVIDADE?

**PREGUNTANDO, ESCOITANDO, GRAVANDO,
RECOLLENDO
FRASES, PALABRAS OU DITOS
QUE CHE PAREZAN PROPIOS
DO LUGAR NO QUE VIVES,
EXPLICANDO TAMÉN O SEU SIGNIFICADO.**

**Indica o nome e a idade das persoas
que che dan a información
e o lugar de recollida.**

**Envía o material a ollomao.endi@gmail.com
ou déixao na nosa aula.**

*Apunta desde agora
o que vaias escoitando na casa,
no barrio, na rúa...*

Graciñas!

Co equipo de biblioteca
e coa ANPA
convocamos o concurso
Terriña que nos criou,
animando a observar
con conciencia crítica
o medio no que vivimos.

Que queres conservar
e protexer

DO TEU BARRIO,
DA TÚA PARROQUIA?

Que elementos afean e destrúen a súa
personalidade?

PARTICIPA NO CONCURSO
TERRIÑA QUE
NOS CRIOU

convocado polo
ENDL Ollomao e a Biblioteca
do IES San Rosendo coa colaboración da ANPA
Amolou

BASES

1. O concurso ten como obxectivo valorar a conservación e a protección do noso patrimonio cultural e natural como necesaria garantía de futuro.
2. Poderá participar nel todo o alumnado do IES San Rosendo, INDIVIDUALMENTE ou en GRUPO.
3. Establecéense catro categorías:
 - 1º e 2º de ESO
 - 3º e 4º de ESO e FP Básica
 - 1º e 2º de Bacharelato
 - Ciclos Agraria
4. Cada participante deberá realizar do BARRIO ou PARROQUIA que desexe FOTOGRAFÍAS de DOUS TIPOS:



DOS ELEMENTOS QUE SE CONSIDEREN
MOTIVO DE COIDADADO
E CONSERVACIÓN



DOS ELEMENTOS QUE SE CONSIDEREN
AGRESIÓNS OU FEÍSMO

5. Os traballos enviáranse como presentación de
PowerPoint ou LibreOffice Impress
tal e como se indica:

- Deboixo do NOME do LUGAR e do da PERSOA que realiza o traballo deberán aparecer os dous tipos de imaxes os dous elementos motivo de protección, que levarán o lema DESTA XEITO, SI e os que denuncian agresións ou feísmo, que levarán o lema DESTA XEITO, NON.
 - En ambos casos deberáse incluír ademais un TEXTO BREVE que explique os MOTIVOS da súa elección e clasificación.
 - Deberá aparecer tamén UN TEXTO ESCOLLIDO dun autor ou autora mindoniense ou da zona, de quen se citará nome e obra e que se pode consultar na biblioteca.
6. Poderanse enviar os traballos ata as 24:00 horas do 5 de maio de 2017 aos enderezos electrónicos
ollomaoend@gmail.com ou bibliomerlin@gmail.com
7. O XURADO estará composto polo profesorado que forma parte de Ollomao e do equipo de biblioteca, que escollerá os traballos gañadores de cada categoría e publicará os resultados no blog da biblioteca e na páxina de Facebook do centro o día 19 de maio.
8. Cada traballo gañador será premiado con 30€ para a adquisición de material escolar en establecementos da zona.

XENTENOVA
IDEASNOVAS

Anímate
e
participa!

Polas Quendas escribimos poemas
para o marabilloso
Tendal das Letras deste ano,
que chamamos
Paxariños na cabeza
e que puxemos a voar
no Auditorio Municipal
Pascual Veiga...






Mondoñedo é poesía
tamén contou coa nosa participación,
e axudamos a encher as rúas
de ideas, de palabras
e de música...



Polas Letras Galegas escribimos
microrrelatos en homenaxe
a Carlos Casares...



...E así naceu
Contoumo un paxariño,
convertendo a poesía do Tendal
en fonte de inspiración
para a prosa
a partir das escenas que ofrecían
as figuras de papel no aire
e a relación que parecía xurdir
entre elas: amor, odio, amizade,
alegría, tristeza, esperanza,
soidade, rebeldía...



E rematamos o curso
dándolle xeito
a un novo Son da Paula.



○
SON
DA
PAULA


2016 / 2017

IES PLURILINGÜE
SAN ROSENDO

**Graciñas
a toda a xente
que fai de
Ollomao un ENDL
vivo...**

**O curso que
vén...**

MÁIS!



**Viva a
lingua
galega!**